


# MYKES

## ΜΥΚΕΣ



BOLETÍN DO  
**GRUPO MICOLÓXICO GALEGO**

VOLUME 25  
2022

# MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego  
“Luis Freire”

**Volume 25**  
**2022**



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

## **CONSELLO EDITORIAL**

**Coordinador** José Rodríguez Vázquez

**Consello de redacción:**

Tixiana Albizúa Cabaleiro  
Xan Bellón Muñiz  
María Cabaleiro Alfaya  
Patricia Comesaña Martínez  
Hugo Fernández Ricón  
Purificación Lorenzo Castro  
Adrián Melón Raña  
Gabriel Pérez Torrón  
Mauro Rivas Ferreiro  
Sergio Rojo Martínez

**Consello científico asesor:**

Nicanor Floro Andrés Rodríguez  
Marisa Castro Cerceda  
Ignacio García González  
Alfredo Justo Fernández  
Margarita Pérez Froiz  
Antonio Rigueiro Rodríguez  
Elvira Sahuquillo Balbuena

**Maquetación:**

M<sup>a</sup> Ángela Comesaña Martínez

Os manuscritos remitidos a Mykes son revisados por asesores externos antes de seren aceptados ou rexeitados

**SUBSCRIPCIÓN E EDICIÓN:** Grupo Micológico Galego “Luís Freire”

**DIRECCIÓN:** Apartado de Correos 3083 (E-36200 - Vigo)

e-mail: [conselloeditorial@mykes.es](mailto:conselloeditorial@mykes.es)

web: [www.mykes.es](http://www.mykes.es)

Subscripción anual 10 €

Foto da cuberta: Placa homenaxe ao Dr. Luís Freire situada no parque de Santa Margarita (A Coruña)

IMPRIME: PLANOPRINT SLNE

ISSN: 1575- 068X

DEP. LEGAL: VG: 709-98

**CHROOGOMPHUS SUBFULMINEUS, UNHA NOVA  
CITA PARA UNHA ESPECIE RECENTEMENTE  
DESCUBERTA**

por

M. GAREA<sup>1</sup> & O. REQUEJO<sup>2</sup>

GAREA, M. & REQUEJO, O. 2022. *Chroogomphus subfulmineus*, unha nova cita para unha especie recentemente descuberta. *Mykes* 25: 7-12.

**RESUMO**

Cítase *Chroogomphus subfulmineus* como nova especie para a Península Ibérica. Apórtanse fotografías macro e micro e comentarios sobre especies similares.

**Palabras clave:** *Chroogomphus*, *Gomphidiaceae*, biodiversidade, Península Ibérica.

GAREA, M. & REQUEJO, O. 2022. *Chroogomphus subfulmineus*, a new record for a newly discovered species. *Mykes* 25: 7-12.

**SUMMARY**

*Chroogomphus subfulmineus* is cited as a new species for the Iberian Peninsula. Macro and micro photographs and comments on similar species are provided.

**Key words:** *Chroogomphus*, *Gomphidiaceae*, biodiversity, Iberian Peninsula.

**INTRODUCCIÓN**

O xénero *Chroogomphus* (*Gomphidiaceae*, *Boletales*) compréndeno fungos micorrícicos, con preferencia

---

<sup>1</sup>Agrupación Micolóxica A Zarrota; correo: [mgarea2@gmail.com](mailto:mgarea2@gmail.com)

<sup>2</sup>Grupo Micolóxico Galego Luís Freire; correo: [oscarequejo@hotmail.com](mailto:oscarequejo@hotmail.com)

principalmente por coníferas, e en especial por especies de *Pinus* (MILLER, 1964). Distínguense de xéneros próximos polas súas láminas que na madurez toman cores de laranxa pálido a ocre, trama do sombreiro ocre e hifas basais amiloides. SCAMBLER *et al.* (2018). O número de especies aceptadas non está de todo claro, KIRAN *et al.* (2020), baseándose en datos moleculares, recoñecen para Europa oito especies, de elas *Chroogomphus subfulmineus* é descrita como nova especie para a ciencia.

## METODOLOXÍA

A metodoloxía seguida foi a habitual neste tipo de traballos. No momento de recoller o material se tomaron fotografías e notas en fresco, tanto de caracteres fugaces coma do hábitat, ademais se testou algún axente macroquímico. Despois se deshidratou cun convector de aire para a posterior revisión no laboratorio, na que se utilizou para montar as mostras, hidróxido potásico (KOH 10%) como hidratante e vermello Congo como colorante. As observacións se realizaron nun microscopio óptico a 400x e 1000x, en este último caso en inmersión en aceite. As fotografías foron tomadas con unha cámara Reflex Sony Alpha a57 acoplada ao trinocular.

Na sistemática do xénero seguíronse os traballos de MILLER (1964) e MILLER & AIME (2001). Para os nomes actualizados consultouse o recurso Web Index Fungorum (<http://www.indexfungorum.org>). O material está depositado no herbario do Grupo Micolóxico Galego (GMG-fungi).

## RESULTADOS E DISCUSIÓN

***Chroogomphus subfulmineus* Niskanen, Loizides, Scambler et Liimat.** *in* Scambler *et al.*, *IMA Fungus*, 9(2): 285. 2018

PONTEVEDRA: Vigo, praia de Samil, en dunas estabilizadas, baixo *Pinus pinaster*, 5-XI-2020, Manuel Garea. GMG-fungi 0801 (fig. 1-2). *Ibidem*, 1-XII-2021, Manuel Garea. GMG-fungi 0802.




Fig. 1. *Chroogomphus subfulmineus*: a) basidiomas en fresco b) corte transversal (fotografías Manuel Garea).

Píleo de ata 80 mm, tendencia cónica cando é novo, mais tarde expándese para quedar convexo coa marxe involuta. De cor amarelo avermellado, vermello alaranxado con matices purpúreos parduzcos coa idade. Superficie seca, lixeiramente visguenta con humidade, ornamentada con fibríñas innatas. Láminas subdecorrentes, de cor pardo olivácea, tomando matices pardos na madurez, aresta concolor. Pé de 50-100 mm de longo e ata 20 mm de ancho, cilíndrico ou fusiforme, ocre

amarelento, ocre alaranxado recuberto de fibriñas vermello purpúreas, vermello alaranxadas. Carne amarelenta, olivácea na base do pe, cheiro claramente cítrico.

Basidios craviformes tretra e bispóricos de 30-70x9-14  $\mu\text{m}$ . Esporas subfusiformes a elipsoides, de 16,0-24,6-(26) x (6)-6,3-8,4-(9)  $\mu\text{m}$ ,  $Q_n = 2,8$  (n= 53). Pleurocistidios e queilocistidios subcilíndricos, algúns co ápice capitado de 80-190x10-26  $\mu\text{m}$ . Pileipelis composta de hifas xelatinizadas, septadas, de ata 7  $\mu\text{m}$  de diámetro, maioritariamente inamiloide pero con algunhas amiloides. Fíbulas ausentes.

### OBSERVACIÓNS

Distínguese de *Chroogomphus fulmineus* polo maior tamaño dos basidiocarpos, a trama do pé é amarelo brillante no ápice e oliváceo na base, mentres que en *C. fulmineus* é laranxa ocráceo




Fig.2. Microscopía: a) esporas; b) basidio; c) queilocistidios; d) hifas da pelis amiloides e inamiloides (fotografías Óscar Requejo).



pálido no ápice e negro con tintes verdosos na base. Microscopicamente ten as esporas máis anchas, cun valor  $Q_m = 2,12-3,12$ , mentres que os valores de *C. fulmineus* oscilan entre 2,94–3,67 (SCAMBLER *et al.*, 2018). Para *C. britannicus* as medidas esporais son similares, pero diferenciase por que ten o micelio basal amarelo, mentres que en *C. subfulmineus* é laranxa a laranxa ocráceo.

Scambler *et al.* (2018), documentan a súa presenza en Chipre, Reino Unido e Finlandia. Hoxe en día, xa se sabe que está presente na Península Ibérica, con material secuenciado do Val d'Aran, Cataluña (UNITE, 2020). Ademais o GBIF (2021) tamén recolle outras tres referencias para o País Vasco.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- GBIF Secretariat, 2021. GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset [en liña]. Dispoñible en: <https://doi.org/10.15468/39omei> [Consulta: 30/06/2022].
- INDEX FUNGORUM PARTNERSHIP, s.d. Nomenclatural database for Fungi [en liña]. Dispoñible en: <http://www.indexfungorum.org/names/names.asp> [Consultado: 30/06/2022].
- KIRAN, M., SATTAR, A., ZAMIR, K., HAELEWATERS, D. & KHALID, A.N. 2020. Additions to the genus *Chroogomphus* (Boletales, Gomphidiaceae) from Pakistan. *MycKeys*, 66: 23-38. DOI: 10.3897/mycokeys.66.38659
- MILLER, O.K. 1964. Monograph of *Chroogomphus* (Gomphidiaceae). *Mycologia*, 56: 526-549.
- MILLER, O.K. & AIME, M.C. 2001. Systematics, ecology and world distribution in the genus *Chroogomphus* (Gomphidiaceae). In: J.K. Misra & B.W. Horn (eds.). *Trichomyces and other Fungal Groups*. Enfield, New Hampshire. Science Publishers: 314-333.
- SCAMBLER, R., NISKANEN, T., ASSYOV, B., AINSWORTH, A.M., BELLANGER, J.-M., LOIZIDES, M., MOREAU, P.-A., KIRK, P.M. & LIIMATAINEN, K. 2018. Diversity of *Chroogomphus* (Gomphidiaceae, Boletales) in Europe, and typification of *C. rutilus*. *IMA Fungus*, 9(2): 271-290.



UNITE COMMUNITY, 2020. rDNA ITS based identification of Eukaryotes and their communication via DOIs [en liña]. Disponible en: <https://unite.ut.ee/index.php> [Consulta: 1/07/2022].

## MICROBIOTA

GAREA, M. & REQUEJO, O. <i>Choeroglyphus subfulmineus</i> , unha nova cita para unha especie recentemente descuberta.....	1
REQUEJO, O. & CASTRO, M. L. Forma albina de <i>Aseroë rubra</i> Labill. na ZEC das Gándaras de Budiño (Pontevedra).....	13
BLANCO-DIOS, J. B. Micobiota da Illa de Tambo (Poio, Pontevedra). (I).....	17
ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O. Estado actual do estudo dos Myxomycetes G. Winter (Eumycetozoa L.S. Olive) en Galicia (NO. Península Ibérica) II: Catálogo bibliográfico actualizado ata o ano 2021 .....	55
CASTRO, M. L. Aportación ao coñecemento da micobiota do concello de Cortegada (Ourense, NO. de España).....	89
REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. Estado actual do estudo dos Myxomycetes G. Winter (Eumycetozoa L.S. Olive) en Galicia (NO. Península Ibérica) III: Ecoloxía e patróns de frutificación.....	111

## COMUNICACIÓNS

MÍNGUEZ, A. A presenza dos cogomelos na prensa galega. O papel dos medios de comunicación na divulgación micolóxica galega (1961-2021): <i>La Voz de Galicia</i> .....	113
CASTRO, M. L. & CABALEIRO, M. A «sabia» de Torbeo (Ribas de Sil, Galicia), Filomena Arias Armesto, e os cogomelos.....	146

## MISCELÁNEAS

Actividades.....	157
Instrucións aos autores.....	159